
ATRAPAMIRADAS

Texto de **MARINA NÚÑEZ**

Ilustracións de **AVI OFER**

Tradución de **MANUELA RODRÍGUEZ**

Encadernado en cartón. 22 x 22 cm. 40 páx. 14 €.

FINALISTA DO XII PREMIO INTERNACIONAL COMPOSTELA

Atrapamiradas (galego)

ISBN 978-84-1343-008-9. Demademora

Atrapamiradas (castelán)

ISBN 978-84-1343-009-6. Obras de autor. Primeros lectores.

Atrapamirades (catalán)

ISBN 978-84-16804-90-0. Obres d'autor. Primers lectors.

Begiradazalea (éuscaro)

ISBN 978-84-9172-174-1. Autore liburuak lehen. Irakurleak.

Caça-Olhares (portugués)

ISBN 978-989-749-128-3. Obras de autor. Primeiros leitores.

Acchiappasguardi (italiano)

ISBN 978-84-1343-010-2. Gli albi d'autore. Primi lettori.

Hoxe Vera érguese animada, disposta a atopar a solución dunha vez por todas.

–Vamos alá!


Xa hai tempo que anda preocupada e esta mañá, por fin, decide saír na procura de miradas. Crúzase con moita xente, pero... miradas, non atopa ningunha...

«Atrapamiradas» é o espello da realidade no que moitas nenas e nenos se ven reflectidos cada día, cunha sociedade enganchada aos dispositivos móbiles. Pero por infinita que sexa a oferta de chamadas, mensaxes, fotos, música, redes sociais, aplicacións e páxinas web polas que navegar, nada é equiparable ás “ cousas máis marabillosas ” que se poden apreciar, non a través dunha pantalla, senón da retina.

A protagonista desta historia de Marina Núñez e Avi Ofer, finalista do XII Premio Internacional Compostela de Álbum Ilustrado, decide tomar a iniciativa para invertir esa tendencia: que a comunicación interpersoal volva estar no centro da vida cotiá.

Vera atopará axuda nalgúen moi especial que non sucumbiu aos encantos dixitais e que, por riba de todo, dedica o seu tempo ao que é verdadeiramente importante.

A axilidade e a frescura do texto están en consonancia cunhas ilustracións dinámicas, de trazos áxiles e bosquexados, que se sitúan en escenarios tanto urbanos como domésticos. Suavemente coloreadas, sinxelas e cunha acentuada expresividade das emocións, xogan tamén cos elementos simbólicos e cos acenos humorísticos.



■ **Temática:** a comunicación interpersoal fronte ao abuso das novas tecnoloxías.

■ **Idade recomendada:** a partir de 3 anos.

■ **Aspectos destacables:** incomunicación, relación familiar e interxeracional entre adultos e infancia, emocións; uso racional das tecnoloxías da información, diálogo.

■ **Avance do libro:**

<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/atrapamirada-g>

Marina Núñez

(Barcelona, 1990)

Diplomada en Maxisterio, na especialidade de Educación Especial, cun mestrado en Lingüística Española. Exerceu como mestra infantil e actualmente traballa impartindo clases de español para estranxeiros. Tamén se dedica á escritura. Gañou, xunto con Avi Ofer, o Premio de Conto Infantil Ilustrado Hospital San Joan de Déu 2019.

Avi Ofer

(Israel, 1975)

Estudou Arte e Deseño en Israel. É ilustrador e director de animación, con experiencia en proxectos multidisciplinares. Participou en exposicións e festivais cinematográficos de numerosos países. A súa obra audiovisual foi galardoada en certames internacionais de animación en Córdoba, Portugal, Annecy e Tel Aviv.

<http://aviofer.com>



www. **kalandraka** .com
comunicacion@kalandraka.com
